

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12628 *Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A importancia do Rexistro Civil demanda a adopción dun novo modelo que se axuste tanto aos valores consagrados na Constitución de 1978 como á realidade actual da sociedade española.

Aínda que a vixente Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957, ten dado mostras da súa calidade técnica e da súa capacidade de adaptación ao longo destes anos, é innegable que a relevancia das transformacións habidas no noso país exige un cambio normativo en profundidade que, recollendo os aspectos máis valiosos da institución rexistral, a acomode plenamente á España de hoxe, cuxa realidade política, social e tecnolóxica é completamente distinta á de entón.

A Constitución de 1978 sitúa as persoas e os seus dereitos no centro da acción pública. E ese inequívoco recoñecemento da dignidade e da igualdade supuxo o progresivo abandono de construcións xurídicas de épocas pasadas que configuraban o estado civil a partir do estado social, a relixión, o sexo, a filiación ou o matrimonio.

Un Rexistro Civil coherente coa Constitución debe asumir que as persoas –iguais en dignidade e dereitos– son a súa única razón de ser, non só desde unha perspectiva individual e subxectiva senón tamén na súa dimensión obxectiva, como membros dunha comunidade politicamente organizada.

Por este motivo, a lei abandona a vella preocupación pola constatación territorial dos feitos concernentes ás persoas, substituíndoa por un modelo radicalmente distinto que prioriza o historial de cada individuo, liberándoo de cargas administrativas e equilibrando a necesaria protección do seu dereito fundamental á intimidade co carácter público do Rexistro Civil.

Neste sentido, a lei suprime o tradicional sistema de división do Rexistro Civil en seccións –nacementos, matrimonios, defuncións, tutelas e representacións legais– e crea un rexistro individual para cada persoa, á que desde a primeira inscrición que se practique se lle asigna un código persoal.

Así mesmo, nesta lei incorpórase tanto a Convención dos dereitos do neno do 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 30 de novembro de 1990, como a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada por España o 23 de novembro de 2007.

II

A modernización do Rexistro Civil tamén fai pertinente que o seu mantemento sexa asumido por funcionarios públicos distintos daqueles que integran o poder xudicial do Estado, cuxo labor constitucional é xulgar e executar o xulgado.

En efecto, a aplicación ao Rexistro Civil de técnicas organizativas e de xestión de natureza administrativa permitirá unha maior uniformidade de criterios e unha tramitación

máis áxil e eficiente dos distintos expedientes, sen ningunha mingua do dereito dos cidadáns a unha tutela xudicial efectiva, pois todos os actos do Rexistro Civil quedan suxeitos a control xudicial.

Esta lei deslinda con claridade as tradicionais funcións gobernativas e xudiciais que por inercia histórica aínda aparecen mesturadas no sistema da Lei de 1957, e aproxima o noso modelo de Rexistro Civil ao existente noutros países da nosa contorna, nos que tamén se optou por un órgano ou entidade de natureza administrativa co fin de prestar un servizo público de maior calidade, sen prexuízo da garantía xudicial dos dereitos dos cidadáns.

Posto que a materia á que o funcionamento do Rexistro Civil se refire é o estado civil das persoas e, en certos aspectos, o dereito de familia, a xurisdición competente é a civil. Non obstante, exceptúase a nacionalidade por residencia, respecto da que persisten as razóns que aconsellaron trasladar esta materia á xurisdición contencioso-administrativa coa entrada en vigor da Lei 18/1990, do 17 de decembro, de reforma do Código civil.

III

Esa mesma vocación modernizadora fai que na lei se deseñe un Rexistro Civil único para toda España, informatizado e accesible electronicamente.

O Rexistro Civil configúrase como unha base de datos única que permite compaxinar a unidade da información coa xestión territorializada e a universalidade no acceso. Este salto conceptual, que implica a superación do Rexistro fisicamente articulado en libros custodiados en oficinas distribuídas por toda España, obriga a unha reformulación de toda a súa estrutura organizativa, que agora debe ter por obxectivo principal eximir o cidadán da carga de ter que acudir presencialmente ás oficinas do Rexistro.

Un Rexistro Civil electrónico exige unha estrutura organizativa ben distinta da actual. Estrutura que, ademais, debe ter presente as comunidades autónomas.

A todo iso dedícase o título III desta lei, no que se prevé unha organización do Rexistro Civil moito máis sinxela que a anterior, diferenciándose entre oficinas xerais, Oficina Central e oficinas consulares, dotadas de funcións e competencias propias, aínda que dependendo da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado en tanto que centro superior directivo, consultivo e responsable último do Rexistro Civil.

Existirá unha oficina xeral por cada comunidade ou cidade autónoma e outra máis por cada 500.000 habitantes, á fronte da cal se atopará un encargado ao que se lle asignan as funcións de recepción de declaracións e solicitudes, a tramitación e resolución de expedientes, a práctica de inscricións e, se é o caso, a expedición de certificacións. Á Oficina Central correspóndelle, entre outras funcións, practicar as inscricións derivadas de resolucións ditadas pola Dirección Xeral dos Registros e do Notariado nos expedientes que son da súa competencia. En canto ás oficinas consulares, o seu réxime xurídico non difire substancialmente do vixente.

A unidade de actuación queda garantida mediante o carácter vinculante das instrucións, resolucións e circulares da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado, así como polo establecemento dun sistema de recursos que segue as regras xerais da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa previsión expresa dun recurso ante a mencionada dirección xeral.

IV

A lei concibe o Rexistro Civil como un rexistro electrónico, no que se practican asentamentos informáticos, que organiza a publicidade e dá fe dos feitos e actos do estado civil. Desde esta concepción incorpórase o uso das novas tecnoloxías e da sinatura electrónica.

O réxime da publicidade do Rexistro Civil artículase a partir de dous instrumentos: a certificación electrónica e o acceso da Administración, no exercicio das súas funcións públicas, á información rexistral. Este último concíbese como o instrumento preferente de

publicidade, de tal forma que só en casos excepcionais o cidadán deberá presentar certificacións de datos do Rexistro Civil.

O carácter electrónico do Rexistro Civil non significa alterar a garantía de privacidade dos datos contidos nel. Aínda que o Rexistro Civil está excluído do ámbito de aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, préstase unha especial protección aos datos en tanto conteñan información que afecta a esfera da intimidade da persoa. O relevante é que os datos protexidos só pertencen ao seu titular e a el corresponde autorizar que sexan facilitados a terceiros.

V

En relación cos aspectos substantivos da lei, merece unha mención especial o título VI, relativo a feitos e actos inscribibles. Respecto da inscrición de nacemento, mantéñense os criterios xerais e prevese a remisión dos datos do nacido a través dun documento oficial polos responsables dos centros sanitarios. A cada nacido abríraselle un rexistro individual e seralle asignado un código persoal.

O nome e apelidos configúranse como un elemento de identidade do nacido derivado do dereito da personalidade e como tal incorpórase á inscrición de nacemento. Co fin de avanzar na igualdade de xénero prescínlese da histórica prevalencia do apelido paterno fronte ao materno permitindo que ambos os proxenitores sexan os que decidan a orde dos apelidos. Igualmente, sistematízase e axilízase o procedemento de cambio de nomes e apelidos e sométese, como regra xeral, á competencia do encargado do Rexistro Civil. En canto á filiación, elimínase toda referencia á non matrimonial, con plena equiparación á matrimonial.

A instrución do expediente matrimonial e a celebración do matrimonio compete aos concellos, os cales deberán remitir de oficio a documentación preceptiva ao Rexistro Civil. Os cónsules autorizarán, celebrarán e inscribirán os matrimonios de españois no estranxeiro. Non se modifica a comunicación ao Rexistro Civil dos matrimonios celebrados en forma relixiosa.

De modo similar á do nacemento regúlase a inscrición da defunción mediante a remisión do documento oficial, acompañado de parte médico, polos centros sanitarios. Mantense o requisito da práctica previa da inscrición de falecemento para proceder á inhumación ou incineración.

A descentralización introducida pola Constitución de 1978 está presente, non só desde o punto de vista territorial, senón tamén desde a perspectiva da distribución de competencias. Así, prevese o acceso ao Rexistro Civil de actos regulados nalgúns dereitos civís especiais como, por exemplo, as autotutelas, apoderamentos preventivos ou especialidades en materia de réxime económico do matrimonio. Igualmente, prevese a utilización das linguas cooficiais, tanto na inscrición como na expedición de certificacións. Ademais, a lei garante a adecuada coexistencia da competencia estatal sobre Rexistro Civil e as de carácter executivo que corresponden ás comunidades autónomas.

VI

A normativa de dereito internacional privado contense no título X da lei cunha actualización das solucións xurídicas influídas polo avance da lexislación europea e pola crecente importancia do elemento estranxeiro con acceso ao Rexistro Civil. A coherencia do modelo exige a este respecto manter a unidade, dentro das particularidades inherentes a cada sector.

Unha das maiores novidades céntrase na inscrición de documentos xudiciais estranxeiros. Deste xeito, permítese non só a inscrición logo do exequátur senón tamén a posibilidade de que o encargado do Rexistro Civil realice a inscrición tras proceder a un recoñecemento incidental.

A complexidade inherente ás situacións internacionais xustifica que a inscrición de documentos estranxeiros xudiciais e non xudiciais, así como de certificacións estranxeiras, corresponda con carácter exclusivo á Oficina Central do Rexistro. A Oficina Central

configúrase ademais como a autoridade encargada en materia de cooperación internacional en todas aquelas materias sometidas á lei.

VII

O articulado complétase con disposicións adicionais, transitorias e derradeiras, así como cunha disposición derogatoria.

Derrógase a Lei de Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957, que, non obstante, seguirá a ser aplicada en tanto quede extinguido o complexo réxime transitorio previsto na lei. Deste xeito prevese un réxime de incorporación progresiva dos rexistros individuais e mantéñense temporalmente os efectos que o ordenamento vixente atribúe ao libro de familia. Igualmente, derróganse expresamente os preceptos do Código civil que resultan incompatibles coas previsións desta lei.

En efecto, posto que se prescindirá do libro de familia –que perde sentido dentro do modelo moderno que se configurou nesta lei–, preveuse que en cada rexistro individual conste unha folla ou extracto en que figuren os datos persoais da vida do individuo. Consecuentemente con este deseño da folla individual, e na procura dunha maior simplicidade e eficiencia do sistema, a lei distingue entre as inscricións, as anotacións rexistrais e, finalmente, o asentamento de cancelación.

Modifícase a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, co fin de determinar o órgano xudicial e o procedemento para coñecer dos recursos fronte ás resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de estado civil. As ditas previsións non serán aplicables aos recursos fronte a resolucións relativas á adquisición de nacionalidade por residencia, cuxa regulación e competencia xudicial non se modifica.

A desxudicialización do Rexistro Civil impón a derogación do artigo 86 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial –que se leva a cabo a través de lei orgánica complementaria–, e do previsto na Lei 38/1998, do 28 de decembro, de planta e demarcación xudicial, respecto dos rexistros civís.

A complexidade da lei e o cambio radical respecto do modelo anterior aconsellan un extenso prazo de *vacatio legis*, que se fixou en tres anos, para permitir a progresiva posta en marcha do novo modelo, evitando disfuncións no tratamento da información rexistral e a implementación da nova estrutura organizativa.

TÍTULO I

O Rexistro Civil. Disposicións xerais

CAPÍTULO PRIMEIRO

Natureza, contido e competencias do Rexistro Civil

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto a ordenación xurídica do Rexistro Civil.

En particular, ten como finalidade regular a organización, dirección e funcionamento do Rexistro Civil, o acceso dos feitos e actos que se fan constar nel e a publicidade e os efectos que se outorgan ao seu contido.

Artigo 2. *Natureza e contido do Rexistro Civil.*

1. O Rexistro Civil é un rexistro público dependente do Ministerio de Xustiza. Todos os asuntos referentes ao Rexistro Civil están encomendados á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Os encargados do Rexistro Civil deben cumprir as ordes, instrucións, resolucións e circulares do Ministerio de Xustiza e da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. O Rexistro Civil ten por obxecto facer constar oficialmente os feitos e actos que se refiren ao estado civil das persoas e aqueloutros que determine esta lei.

3. O contido do Rexistro Civil está integrado polo conxunto de rexistros individuais das persoas físicas e polo resto das inscricións que se practiquen nel conforme o previsto nesta lei.

Artigo 3. *Elementos definitorios do Rexistro Civil.*

1. O Rexistro Civil é único para toda España.

2. O Rexistro Civil é electrónico. Os datos serán obxecto de tratamento automatizado e integraranse nunha base de datos única cuxa estrutura, organización e funcionamento é competencia do Ministerio de Xustiza conforme esta lei e as súas normas de desenvolvemento.

3. Serán aplicables ao Rexistro Civil as medidas de seguridade establecidas na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 4. *Feitos e actos inscribibles.*

Teñen acceso ao Rexistro Civil os feitos e actos que se refiren á identidade, estado civil e demais circunstancias da persoa. Son, polo tanto, inscribibles:

- 1.º O nacemento.
- 2.º A filiación.
- 3.º O nome e os apelidos e os seus cambios.
- 4.º O sexo e o cambio de sexo.
- 5.º A nacionalidade e a veciñanza civil.
- 6.º A emancipación e o beneficio da maioridade.
- 7.º O matrimonio. A separación, a nulidade e o divorcio.
- 8.º O réxime económico matrimonial legal ou pactado.
- 9.º As relacións paterno-filiais e as súas modificacións.
- 10.º A modificación xudicial da capacidade das persoas, así como a que derive da declaración de concurso das persoas físicas.
- 11.º A tutela, a curatela e as demais representacións legais e as súas modificacións.
- 12.º Os actos relativos á constitución e ao réxime do patrimonio protexido das persoas con discapacidade.
- 13.º A autotutela e os apoderamentos preventivos.
- 14.º As declaracións de ausencia e falecemento.
- 15.º A defunción.

Artigo 5. *Rexistro individual.*

1. Cada persoa terá un rexistro individual no que constarán os feitos e actos relativos á identidade, estado civil e demais circunstancias nos termos desta lei.

2. O rexistro individual abrírase coa inscrición de nacemento ou co primeiro asentamento que se practique.

3. No devandito rexistro inscribíranse ou anotaranse, continuada, sucesiva e cronoloxicamente, todos os feitos e actos que teñan acceso ao Rexistro Civil.

Artigo 6. *Código persoal.*

A cada rexistro individual aberto coa primeira inscrición que se practique asignaráselle un código persoal constituído pola secuencia alfanumérica que atribúa o sistema informático vixente para o documento nacional de identidade.

Artigo 7. *Sinatura electrónica.*

1. Os encargados das oficinas do Rexistro Civil disporán de sinatura electrónica recoñecida. Mediante a dita sinatura serán practicados os asentamentos do Rexistro Civil e as certificacións que se expidan do seu contido.

2. Os cidadáns poderán acceder aos servizos do Rexistro Civil mediante sinatura electrónica, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 8. *Comunicación entre as oficinas do Rexistro Civil e coas administracións públicas.*

1. As oficinas do Rexistro Civil comunicaranse entre si a través de medios electrónicos.

2. Todas as administracións e funcionarios públicos, no exercicio das súas competencias e baixo a súa responsabilidade, terán acceso aos datos que consten no Rexistro Civil único coas excepcións relativas aos datos especialmente protexidos previstas nesta lei. O devandito acceso efectuarase igualmente mediante procedementos electrónicos cos requisitos e coas prescricións técnicas que sexan establecidas dentro do Esquema Nacional de Interoperabilidade e do Esquema Nacional de Seguridade.

Artigo 9. *Competencias xerais do Rexistro Civil.*

No Rexistro Civil constarán os feitos e actos inscribíbles que afectan os españois e os referidos a estranxeiros, acaecidos en territorio español.

Igualmente, inscribíranse os feitos e actos que tivesen lugar fóra de España, cando as correspondentes inscricións sexan exixidas polo dereito español.

Artigo 10. *Regras de competencia.*

1. A solicitude de inscrición e a práctica desta poderanse efectuar en calquera das oficinas xerais do Rexistro Civil con independencia do lugar en que se produzan os feitos ou actos inscribíbles. Se se producen no estranxeiro, a inscrición solicitarase e, se é o caso, practicarase na oficina consular da circunscrición correspondente. Neste último caso, a inscrición tamén se poderá solicitar e practicar en calquera das oficinas xerais.

2. Os cidadáns poderán solicitar en calquera das oficinas xerais ou consulares do Rexistro Civil ou por medios electrónicos o acceso á información contida nel a través dos medios de publicidade previstos nesta lei.

CAPÍTULO SEGUNDO

Dereitos e deberes ante o Rexistro Civil

Artigo 11. *Dereitos ante o Rexistro Civil.*

Son dereitos das persoas ante o Rexistro Civil:

- a) O dereito a un nome e a ser inscrito mediante a apertura dun rexistro individual e a asignación dun código persoal.
- b) O dereito á inscrición dos feitos e actos que se refiren á súa identidade, estado civil e demais circunstancias persoais que a lei prevexa.
- c) O dereito a acceder á información que solicite sobre o contido do Rexistro, coas limitacións previstas nesta lei.
- d) O dereito a obter certificacións.
- e) O dereito á intimidade en relación con datos especialmente protexidos sometidos a réxime de publicidade restrinxida.
- f) O dereito a acceder aos servizos do Rexistro Civil en calquera das oficinas xerais ou consulares do Rexistro Civil.

- g) O dereito a utilizar ante o Rexistro Civil calquera das linguas oficiais no lugar onde radique a oficina.
- h) O dereito á igualdade de xénero e ao pleno recoñecemento do principio de igualdade, en todas as súas manifestacións, en materia de dereito do Rexistro Civil.
- i) O dereito a promover a inscrición de determinados feitos e actos dirixidos á protección dos menores, persoas con capacidade modificada xudicialmente, persoas con discapacidade e persoas maiores.
- j) O dereito a promover a rectificación ou modificación dos asentamentos rexistrais nos casos legal ou regulamentariamente previstos.
- k) O dereito a interpor recursos nos termos previstos nesta lei.
- l) O dereito a acceder aos servizos do Rexistro Civil con garantía dos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.

Artigo 12. *Deberes ante o Rexistro Civil.*

Son deberes das persoas ante o Rexistro Civil:

- a) O deber de promover a práctica dos asentamentos rexistrais nos casos previstos nesta lei.
- b) O deber de instar á inscrición cando esta teña carácter constitutivo nos casos legalmente previstos.
- c) O deber de comunicar os feitos e actos inscribíbles conforme o previsto nesta lei.
- d) O deber de presentar a documentación necesaria cando os datos correspondentes non consten en poder das administracións públicas.
- e) O deber de subministrar datos veraces e exactos nas solicitudes de inscrición ou en cumprimento dos deberes a que se refiren os números anteriores.
- f) O deber de cooperar no bo funcionamento do Rexistro Civil como servizo público.

TÍTULO II

Principios de funcionamento do Rexistro Civil

Artigo 13. *Principio de legalidade.*

Os encargados do Rexistro Civil comprobarán de oficio a realidade e legalidade dos feitos e actos cuxa inscrición se pretende, segundo resulte dos documentos que os acrediten e certifiquen, examinando en todo caso a legalidade e exactitude dos ditos documentos.

Artigo 14. *Principio de oficialidade.*

Os encargados do Rexistro Civil deberán practicar a inscrición oportuna cando teñan no seu poder os títulos necesarios.

As persoas físicas e xurídicas e os organismos e as institucións públicas que estean obrigados a promover as inscricións facilitarán aos encargados do Rexistro Civil os datos e a información necesarios para a práctica daquelas.

Artigo 15. *Principio de publicidade.*

1. Os cidadáns terán libre acceso aos datos que figuren no seu rexistro individual.
2. O Rexistro Civil é público. As administracións e os funcionarios públicos, para o desempeño das súas funcións e baixo a súa responsabilidade, poderán acceder aos datos contidos no Rexistro Civil.
3. Tamén poderá obterse información rexistral, polos medios de publicidade previstos nos artigos 80 e seguintes desta lei, cando se refiran a persoa distinta do solicitante, sempre que conste a identidade do solicitante e exista un interese lexítimo.

4. Quedan exceptuados do réxime xeral de publicidade os datos especialmente protexidos, que estarán sometidos ao sistema de acceso restrinxido a que se refiren os artigos 83 e 84 desta lei.

Artigo 16. *Presunción de exactitude.*

1. Os encargados do Rexistro Civil están obrigados a velar pola concordancia entre os datos inscritos e a realidade extrarrexistral.

2. Presúmese que os feitos inscritos existen e os actos son válidos e exactos mentres o asentamento correspondente non sexa rectificado ou cancelado na forma prevista pola lei.

3. Cando se impugnen xudicialmente os actos e feitos inscritos no Rexistro Civil, deberá instarse á rectificación do asentamento correspondente.

Artigo 17. *Eficacia probatoria da inscrición.*

1. A inscrición no Rexistro Civil constitúe proba plena dos feitos inscritos.

2. Só nos casos de falta de inscrición ou nos que non for posible certificar do asentamento, admitiranse outros medios de proba.

No primeiro caso, será requisito indispensable para a súa admisión a acreditación de que previa ou simultaneamente se instou á inscrición omitida ou á reconstrución do asentamento, e non a súa mera solicitude.

Artigo 18. *Eficacia constitutiva da inscrición no Rexistro Civil.*

A inscrición no Rexistro Civil só terá eficacia constitutiva nos casos previstos pola lei.

Artigo 19. *Presunción de integridade. Principio de inoponibilidade.*

1. O contido do Rexistro Civil presúmese íntegro respecto dos feitos e actos inscritos.

2. Nos casos legalmente previstos, os feitos e actos inscribíbles conforme as prescricións desta lei serán opoñíbles a terceiros desde que accedan ao Rexistro Civil.

TÍTULO III

Estrutura e dependencia do Rexistro Civil

CAPÍTULO PRIMEIRO

Oficinas do Rexistro Civil

Artigo 20. *Estrutura do Rexistro Civil.*

1. O Rexistro Civil depende do Ministerio de Xustiza e organízase en:

- 1.º Oficina Central.
- 2.º Oficinas xerais.
- 3.º Oficinas consulares.

2. As inscricións e os demais asentamentos rexistrais serán practicados polos encargados das oficinas do Rexistro Civil.

Baixo a súa responsabilidade e nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinen, o encargado poderá delegar funcións no persoal ao servizo da oficina do Rexistro Civil.

3. Os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación requirida ante calquera oficina do Rexistro Civil ou remitila electronicamente. Igualmente, poderán

presentar nos concellos a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil.

Artigo 21. Oficina Central do Rexistro Civil.

1. O Ministerio de Xustiza designará os encargados da Oficina Central do Rexistro Civil.

2. A Oficina Central do Rexistro Civil desempeña as seguintes funcións:

1.^a Practicar as inscricións que deriven de resolucións ditadas pola Dirección Xeral dos Registros e do Notariado, referidas a feitos ou actos susceptibles de inscrición no Rexistro Civil.

2.^a Practicar a inscrición dos documentos auténticos estranxeiros xudiciais e extraxudiciais e certificacións de asentamentos estendidos en rexistros estranxeiros.

3.^a Practicar a inscrición de falecemento das persoas de nacionalidade estranxeira ao servizo das Forzas Armadas e das Forzas e Corpos de Seguridade, sempre que o devandito falecemento ocorrese durante unha misión ou operación fóra de España e que o sistema rexistral do Estado onde se produciu o feito non practique a pertinente inscrición. O anterior será sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao Rexistro do Estado do que for nacional a persoa falecida.

4.^a Tamén desempeñará todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas polas leis.

3. A Oficina Central é a autoridade encargada en materia de cooperación internacional sobre Rexistro Civil nos termos previstos polos instrumentos internacionais aplicables en España e nesta lei.

Artigo 22. Oficinas xerais do Rexistro Civil.

1. En cada comunidade autónoma ou cidade con Estatuto de autonomía localízase polo menos unha oficina xeral do Rexistro Civil. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia poderán crear nos seus respectivos ámbitos territoriais, ademais, unha oficina xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes.

Excepcionalmente, por razón da singular distribución da poboación ou polas características do territorio, poderanse crear outras tres oficinas xerais en cada comunidade autónoma.

Atendendo ás dificultades de acceso derivadas do carácter insular dos seus territorios, Canarias e Baleares contarán en todo caso con polo menos unha oficina xeral do Rexistro Civil en cada unha das illas en que exista un Rexistro Civil ao entrar en vigor esta lei.

2. Á fronte de cada oficina xeral do Rexistro Civil estará un encargado do Rexistro Civil, que exercerá as súas funcións baixo a dependencia da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado. Excepcionalmente e por necesidades do servizo, poderase designar máis dun encargado.

3. Corresponderá ao Ministerio de Xustiza e ás comunidades autónomas con competencias executivas na materia designar os encargados das oficinas xerais do Rexistro Civil nos seus respectivos ámbitos territoriais.

4. Son funcións das oficinas xerais do Rexistro Civil:

1.^a Recibir e documentar declaracións de coñecemento e de vontade en materias propias da súa competencia, así como expedir certificacións.

2.^a Recibir por vía electrónica ou presencial solicitudes ou formularios, así como outros documentos que sirvan de título para practicar un asentamento no Rexistro Civil.

3.^a Tramitar e resolver os expedientes de Rexistro Civil que lles atribúa o ordenamento xurídico.

4.^a Practicar as inscricións e os demais asentamentos da súa competencia.

5.^a Expedir certificacións dos asentamentos rexistrais.

6.^a Calquera outra que determine a Dirección Xeral dos Registros e do Notariado.

Artigo 23. *Oficinas consulares do Rexistro Civil.*

As oficinas consulares do Rexistro Civil estarán a cargo dos cónsules de España ou, se é o caso, dos funcionarios diplomáticos encargados das seccións consulares da misión diplomática.

Artigo 24. *Funcións das oficinas consulares do Rexistro Civil.*

Son funcións dos rexistros consulares:

- 1.^a Inscribir os feitos e actos relativos a españois acaecidos na súa circunscrición consular, así como os documentos estranxeiros xudiciais e non xudiciais e certificacións de rexistros civís estranxeiros que sirvan de título para practicar a inscrición.
- 2.^a Expedir certificacións dos asentamentos rexistrais.
- 3.^a Recibir e documentar declaracións de coñecemento e de vontade en materias propias da súa competencia.
- 4.^a Instruír o expediente previo de matrimonio, así como expedir os certificados de capacidade necesarios para a súa celebración no estranxeiro.
- 5.^a Comunicar á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado a lexislación estranxeira vixente en materia vinculada ao estado civil das persoas.

CAPÍTULO SEGUNDO

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado

Artigo 25. *A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.*

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado é o centro directivo e consultivo do Rexistro Civil de España.

Artigo 26. *Funcións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado no Rexistro Civil.*

En materia de Rexistro Civil, son funcións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado as seguintes:

- 1.^a Promover a elaboración de disposicións de carácter xeral.
- 2.^a Ditar as instrucións, resolucións e circulares que considere procedentes nos asuntos da súa competencia, que terán carácter vinculante.
- 3.^a Supervisar e coordinar o cumprimento das normas rexistrais polo encargado e demais persoal ao servizo das oficinas do Rexistro Civil.
- 4.^a Resolver os recursos legalmente previstos e atender as consultas que se formulen acerca da interpretación e da execución da lexislación en materia de Rexistro Civil.
- 5.^a Resolver os expedientes da súa competencia en materia de Rexistro Civil.
- 6.^a Ordenar a planificación estratéxica, e coordinar as actuacións nesta materia con outras administracións e institucións públicas ou privadas.
- 7.^a Implantar e elaborar programas de calidade do servizo público que presta o Rexistro Civil.
- 8.^a Calquera outra que lle atribúan as leis.

TÍTULO IV

Títulos que acceden ao Rexistro Civil. Control de legalidade

CAPÍTULO PRIMEIRO

Títulos que acceden ao Rexistro Civil

Artigo 27. *Documentos auténticos para practicar inscricións.*

1. O documento auténtico, sexa orixinal ou testemuño, sexa xudicial, administrativo, notarial ou rexistral, é título suficiente para inscribir o feito ou acto que accede ao Rexistro Civil.

Tamén é título suficiente para practicar a inscrición o documento estranxeiro que cumpra os requisitos establecidos nos artigos 96 e 97 desta lei.

2. As resolucións xudiciais firmes son títulos suficientes para inscribir o feito ou acto que constitúen ou declaran. Se contradín feitos inscritos, debe practicarse a rectificación correspondente.

3. Os documentos a que se refiren os dous puntos anteriores poderán presentarse en calquera soporte, incluído o electrónico, sempre que cumpran os requisitos, o formato e a eficacia previstos nas súas respectivas normas reguladoras.

4. Os documentos presentados nas oficinas do Rexistro Civil e nos concellos custodiaranse e conservaranse nos termos establecidos pola normativa reguladora desta materia para as administracións públicas.

Artigo 28. *Certificacións de rexistros estranxeiros.*

Para practicar inscricións sen expediente, en virtude de certificación de Rexistro estranxeiro, será necesario o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa aplicable para que teña eficacia en España.

Artigo 29. *Declaracións das persoas obrigadas.*

1. As declaracións en virtude das que deban practicarse os asentamentos consignaranse en acta asinada polo funcionario competente da oficina xeral ou consular e polos declarantes, ou ben mediante a cobertura do formulario oficialmente aprobado.

2. A verificación das declaracións comprenderá a capacidade e identidade do declarante.

CAPÍTULO SEGUNDO

Control de legalidade

Artigo 30. *Control de legalidade dos documentos.*

1. Os obrigados a promover a inscrición só terán que achegar os documentos exixidos pola lei cando os datos incorporados a eles non consten no Rexistro Civil ou non poidan ser facilitados por outras administracións ou funcionarios públicos.

2. O encargado da oficina do Rexistro Civil ante o que se solicita a inscrición deberá controlar a legalidade das formas extrínsecas do documento, a validez dos actos e a realidade dos feitos contidos neste.

A cualificación das sentenzas e resolucións xudiciais recaerá sobre a competencia e a clase do procedemento seguido, as formalidades extrínsecas dos documentos presentados e os asentamentos do propio Rexistro.

3. Se o encargado da oficina do Rexistro Civil tiver fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos, sobre a veracidade dos feitos ou sobre a exactitude das declaracións, realizará antes de practicar a inscrición, e no prazo de dez días, as comprobacións oportunas.

Se da verificación dos documentos e declaracións efectuadas se deduce unha contradición esencial entre o Rexistro e a realidade, o encargado do Rexistro Civil porao en coñecemento do Ministerio Fiscal e advertirá disto os interesados.

Artigo 31. *Exame das solicitudes de inscrición e das declaracións.*

No exame das solicitudes e das declaracións que se formulen, a oficina consular ou xeral do Rexistro Civil verificará a identidade e capacidade dos solicitantes ou declarantes e, se é o caso, comprobará a autenticidade da sinatura.

Artigo 32. *Constancia de solicitudes e declaracións efectuadas nas oficinas do Rexistro Civil.*

1. As solicitudes e declaracións que formulen os cidadáns a través de calquera dos medios previstos nesta lei ante as oficinas do Rexistro Civil quedarán debidamente rexistradas na forma que regulamentariamente se determine.

En todo caso, deberá quedar constancia da identidade e domicilio do solicitante ou declarante, do documento nacional de identidade ou número de identificación do estranxeiro, da data en que se formulou a solicitude ou declaración, do contido desta e da actuación do funcionario da oficina á que se dirixise.

2. A esta información deberán acceder todas as oficinas do Rexistro Civil, que denegarán ao interesado a inscrición solicitada ou a recepción da declaración sobre a que o funcionario ou os funcionarios competentes dunha oficina xa se pronunciase ou fose requirida para facelo.

TÍTULO V

Os asentamentos rexistrals

CAPÍTULO PRIMEIRO

Competencia para efectuar os asentamentos

Artigo 33. *Regra xeral para a práctica dos asentamentos.*

1. O encargado da oficina do Rexistro Civil ante o que se presente o título ou se formule a declaración practicará os asentamentos correspondentes de oficio ou ditará resolución na que se deneguen no prazo de cinco días. A inscrición da defunción, non existindo obstáculo legal, practicarase no mesmo día da presentación da documentación. Nas oficinas consulares do Rexistro Civil, para as inscricións referentes a nacionalidade e matrimonio, os asentamentos practicaranse no prazo máis breve posible.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, o encargado da Oficina Central practicará os asentamentos a que dean lugar as resolucións ditadas nos expedientes para cuxa tramitación e resolución sexa competente o Ministerio de Xustiza.

Artigo 34. *Asentamentos de resolucións xudiciais.*

O secretario xudicial do órgano que ditase unha resolución cuxo contido deba causar asentamento no Rexistro Civil por afectar o estado civil das persoas, deberá remitir por medios electrónicos á oficina do Rexistro Civil testemuño da resolución xudicial referida.

Artigo 35. *Inscrición de documentos notariais.*

Os notarios, dentro do seu ámbito de competencias, remitirán por medios electrónicos á oficina xeral do Rexistro Civil os documentos públicos que dean lugar a asentamento no Rexistro Civil.

CAPÍTULO SEGUNDO

Regras xerais para a práctica de asentamentos

Artigo 36. *Asentamentos electrónicos.*

1. No Rexistro Civil todos os asentamentos se practicarán en soporte e formato electrónico. Os devanditos asentamentos deberán axustarse aos modelos aprobados pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. En circunstancias excepcionais e cando non sexa posible practicar asentamentos electrónicos, o asentamento poderá efectuarse en soporte papel. Neste caso, trasladarase ao formato electrónico coa maior celeridade posible.

3. Os asentamentos no Rexistro Civil deben archivarase logo do seu peche nun rexistro electrónico de seguridade.

Artigo 37. *Linguas oficiais.*

Os cidadáns que insten á inscrición dun feito ou acto no Rexistro Civil poderán solicitar que aquela se practique en calquera das linguas oficiais do lugar onde radique a oficina xeral do Rexistro Civil.

CAPÍTULO TERCEIRO

Clases de asentamentos

Artigo 38. *Clases de asentamentos.*

Os asentamentos do Rexistro Civil son as inscricións, as anotacións e as cancelacións.

Artigo 39. *Inscricións.*

1. A inscrición é a modalidade de asentamento a través da cal acceden ao Rexistro Civil os feitos e actos relativos ao estado civil das persoas e aqueloutros determinados por esta lei.

2. Os efectos da inscrición son os previstos nos artigos 17 e 18 desta lei.

Artigo 40. *Anotacións rexistrais.*

1. As anotacións rexistrais son a modalidade de asentamento que en ningún caso terá o valor probatorio que proporciona a inscrición. Terán un valor meramente informativo, agás os casos en que a lei lles atribúa valor de presunción.

2. As anotacións rexistrais practicaranse por petición do Ministerio Fiscal ou de calquera interesado.

3. Poden ser obxecto de anotación os seguintes feitos e actos:

1.º O procedemento xudicial, administrativo ou rexistral en trámite que poida afectar o contido do Rexistro Civil.

2.º O feito cuxa inscrición non poida practicarse por non resultar, nalgún dos seus extremos, legalmente acreditado.

3.º As declaracións con valor de presunción.

4.º O feito ou acto relativo a españois ou acaecido en España que afecte o seu estado civil, segundo a lei estranxeira.

5.º A sentenza ou resolución estranxeira que afecte o estado civil, en tanto non se obteña o exequátur ou o recoñecemento incidental en España.

6.º A sentenza ou resolución canónica cuxa execución en canto a efectos civís non fose decretada aínda polo tribunal correspondente.

7.º A desaparición.

8.º As actuacións tutelares e doutras figuras tuitivas previstas na lei, nos casos que regulamentariamente se determinen.

9.º O acollemento, a garda administrativa e a garda de feito.

10.º Aqueloutros feitos ou actos cuxa anotación se prevexa nesta ou noutra lei.

Artigo 41. *Cancelacións.*

Os asentamentos de cancelación privan de eficacia, total ou parcial, o asentamento rexistral de calquera clase por nulidade do propio asentamento, por ineficacia ou inexistencia do feito ou acto ou por calquera outra causa establecida pola lei.

A cancelación practicarase en virtude de título adecuado, xa sexa de oficio ou por solicitude do interesado.

CAPÍTULO CUARTO

Promoción da inscrición e doutros asentamentos

Artigo 42. *Persoas obrigadas a promover a inscrición.*

1. Están obrigados a promover sen demora a inscrición:

1.º Os designados en cada caso pola lei.

2.º Aqueles aos que se refire o feito inscristible, os seus herdeiros ou representantes legais.

3.º O Ministerio Fiscal no exercicio das súas funcións consonte as previsións desta lei.

2. As autoridades e os funcionarios non comprendidos no número anterior aos que lles consten por razón dos seus cargos os feitos non inscritos están obrigados a comunicalos ao Ministerio Fiscal.

Artigo 43. *Comunicación de feitos e actos ao Rexistro Civil.*

As persoas obrigadas a promover a inscrición deberán comunicar os feitos e actos inscristibles, ben mediante a presentación dos formularios oficiais debidamente cubertos, ben mediante a súa remisión por medios electrónicos na forma que regulamentariamente se determine, achegando os documentos acreditativos que en cada caso se estableza.

Támén procederá a inscrición por instancia de calquera persoa que presente título suficiente.

TÍTULO VI

Feitos e actos inscristibles

CAPÍTULO PRIMEIRO

Inscrición de nacemento

Sección 1.ª Feito inscristible e persoas obrigadas a promover a inscrición

Artigo 44. *Inscrición de nacemento e filiación.*

1. Son inscristibles os nacementos das persoas, conforme o previsto no artigo 30 do Código civil.

2. A inscrición fai fe do feito, data, hora e lugar do nacemento, identidade, sexo e, se é o caso, filiación do inscrito.

3. A inscrición de nacemento practicarase en virtude de declaración formulada en documento oficial debidamente asinado polo declarante ou declarantes, acompañada do

parte facultativo. Na falta deste, deberá achegarse a documentación acreditativa nos termos que regulamentariamente se determinen.

O encargado da oficina xeral ou consular, unha vez recibida e examinada a documentación, practicará inmediatamente a inscrición de nacemento. Tal inscrición determinará a apertura dun novo rexistro individual, ao cal se lle asignará un código persoal nos termos previstos no artigo 6 desta lei.

4. Non constará a filiación paterna nos casos en que se constate que a nai ten vínculo matrimonial con persoa distinta da que figura na declaración ou sexa aplicable a presunción prevista no artigo 116 do Código civil. Nestes casos, practicarase a inscrición de nacemento de forma inmediata e procederase á apertura dun expediente rexistral.

Nos casos de filiación adoptiva, farase constar a resolución xudicial que constitúa a adopción, quedando sometida ao réxime de publicidade restrinxida previsto nesta lei.

5. Unha vez practicada a inscrición, o encargado expedirá certificación literal da inscrición de nacemento e remitiraa ao domicilio sinalado para tal fin polo declarante ou declarantes.

Artigo 45. *Obrigados a promover a inscrición de nacemento.*

Están obrigados a promover a inscrición de nacemento:

- 1.º A dirección de hospitais, clínicas e establecementos sanitarios.
- 2.º O persoal médico ou sanitario que atendese o parto, cando este tivese lugar fóra de establecemento sanitario.
- 3.º O pai.
- 4.º A nai.
- 5.º O parente máis próximo ou, na súa falta, calquera persoa maior de idade presente no lugar do parto no momento de producirse.

Artigo 46. *Comunicación do nacemento polos centros sanitarios.*

A dirección de hospitais, clínicas e establecementos sanitarios comunicarlle no prazo de vinte e catro horas á oficina do Rexistro Civil que corresponda cada un dos nacementos que tivesen lugar no seu centro sanitario. O persoal sanitario que asista ao nacemento deberá adoptar as cautelas necesarias para asegurar a identificación do neonato e efectuará as comprobacións que se determinen regulamentariamente para establecer a súa filiación.

Cumpridos os requisitos para a inscrición, a comunicación realizarase mediante a remisión electrónica do formulario oficial de declaración debidamente cuberto e asinado polos pais.

Os asinantes deberán acreditar a súa identidade polos medios admitidos en dereito.

Artigo 47. *Inscrición de nacemento por declaración doutras persoas obrigadas.*

1. Respecto dos nacementos que se producen fóra de establecemento sanitario, ou cando por calquera causa non se remítise o documento no prazo e condicións previstos no artigo anterior, os obrigados a promover a inscrición disporán dun prazo de dez días para declarar o nacemento ante a oficina xeral ou consular do Rexistro Civil.

2. A declaración efectuarase presentando o documento oficial debidamente cuberto, ao cal deberá achegarse o certificado médico preceptivo ou, na súa falta, o documento acreditativo nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. A declaración poderá efectuarse presencialmente na oficina xeral ou consular do Rexistro Civil.

Artigo 48. *Menores abandonados e menores non inscritos.*

1. As entidades públicas das comunidades autónomas competentes en materia de protección de menores deberán promover sen demora a inscrición de menores en

situación de desamparo por abandono, sexa ou non coñecida a súa filiación, así como a inscrición da tutela administrativa que, se é o caso, asuman, sen prexuízo da anotación da garda que deban asumir.

2. O Ministerio Fiscal promoverá igualmente a inscrición de menores non inscritos.

Sección 2.^a Contido da inscrición de nacemento

Artigo 49. Contido da inscrición de nacemento e atribución de apelidos.

1. Na inscrición de nacemento constarán os datos de identidade do nacido consistentes no nome que se lle impón e os apelidos que lle correspondan segundo a súa filiación. Constarán así mesmo o lugar, data e hora do nacemento e o sexo do nacido.

2. A filiación determina os apelidos.

Se a filiación está determinada por ambas as liñas, os proxenitores acordarán a orde de transmisión do seu respectivo primeiro apelido, antes da inscrición rexistral.

No caso de desacordo ou cando non se fixesen constar os apelidos na solicitude de inscrición, o encargado do Rexistro Civil requirirá os proxenitores, ou a quen teña a representación legal do menor, para que no prazo máximo de tres días comuniquen a orde de apelidos. Transcorrido o devandito prazo sen comunicación expresa, o encargado acordará a orde dos apelidos atendendo ao interese superior do menor.

Nos supostos de nacemento cunha soa filiación recoñecida, esta determina os apelidos. O proxenitor poderá determinar a orde dos apelidos.

A orde dos apelidos establecida para a primeira inscrición de nacemento determina a orde para a inscrición dos posteriores nacementos con idéntica filiación. Nesta primeira inscrición, cando así se solicite, poderán constar a preposición «de» e as conxuncións «y» ou «i» entre os apelidos, nos termos previstos no artigo 53 desta lei.

3. Tamén se incorporará á inscrición o código persoal asignado.

4. Constarán, ademais, e sempre que for posible, as seguintes circunstancias dos pais: nome e apelidos, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro, lugar e data de nacemento, estado, domicilio e nacionalidade, así como calquera outro dato necesario para o cumprimento do obxecto do Rexistro Civil a que se refire o artigo 2 desta lei que se inclúe nos modelos oficialmente aprobados.

Artigo 50. Dereito ao nome.

1. Toda persoa ten dereito a un nome desde o seu nacemento.

2. As persoas son identificadas polo seu nome e apelidos.

3. O encargado impondrá un nome e uns apelidos de uso corrente ao nacido cuxa filiación sexa descoñecida. Igualmente impondrá, tras apercibilos e logo de transcorrer un prazo de tres días, un nome de uso corrente cando os obrigados á súa fixación non o sinalen.

4. Por petición do interesado ou do seu representante legal, o encargado do Rexistro substituirá o nome propio daquel polo seu equivalente en calquera das linguas españolas.

Artigo 51. Principio de libre elección do nome propio.

O nome propio será elixido libremente e só quedará suxeito ás seguintes limitacións, que se interpretarán restritivamente:

1.º Non poderán consignarse máis de dous nomes simples ou un composto.

2.º Non poderán imporse nomes que sexan contrarios á dignidade da persoa nin os que fagan confusa a identificación.

3.º Non poderá imporse ao nacido nome que teña un dos seus irmáns con idénticos apelidos, non sendo que falecese.

Artigo 52. Cambio de nome.

O encargado do Rexistro Civil, mediante procedemento rexistral, poderá autorizar o cambio de nome logo da declaración do interesado, que deberá probar o uso habitual do novo nome, e sempre que concorran as demais circunstancias exixidas na lexislación do Rexistro Civil.

Artigo 53. Cambio de apelidos mediante declaración de vontade.

O encargado pode, mediante declaración de vontade do interesado, autorizar o cambio de apelidos nos casos seguintes:

- 1.º A inversión da orde de apelidos.
- 2.º A anteposición da preposición «de» ao primeiro apelido que sexa usualmente nome propio ou empece por tal, así como as conxuncións «y» ou «i» entre os apelidos.
- 3.º A acomodación dos apelidos dos fillos maiores de idade ou emancipados ao cambio de apelidos dos pais cando aqueles expresamente o consintan.
- 4.º A regularización ortográfica dos apelidos á lingua española correspondente e a adecuación gráfica ao español da fonética de apelidos tamén estranxeiros.
- 5.º Cando sobre a base dunha filiación rectificada con posterioridade, o fillo ou os seus descendentes pretendan conservar os apelidos que veñan usando antes da rectificación. Á devandita conservación de apelidos deberá instarse dentro dos dous meses seguintes á inscrición da nova filiación ou, se é o caso, á maioría de idade.

Artigo 54. Cambio de apelidos mediante expediente.

1. O encargado do Rexistro pode autorizar o cambio de apelidos, logo do expediente instruído en forma regulamentaria.
2. Son requisitos necesarios da petición de cambio de apelidos:
 - a) Que o apelido na forma proposta constitúa unha situación de feito, sendo utilizado habitualmente polo interesado.
 - b) Que o apelido ou apelidos que se tratan de unir ou modificar pertenczan lexitimamente ao peticionario.
 - c) Que os apelidos que resulten do cambio non proveñan da mesma liña.

Poderá formularse oposición fundada unicamente no incumprimento dos requisitos exixidos.

3. Abondará que concorra o requisito do uso habitual do apelido proposto, sen que se cumpran os requisitos b) e c) do punto 2, se o apelido ou apelidos solicitados corresponden a quen tiver acollido o interesado, sempre que aquel ou, por ter falecido, os seus herdeiros dean o seu consentimento ao cambio. En todo caso requírese que, por si ou polos seus representantes legais, asintan ao cambio o cónxuxe e os descendentes do titular do apelido.

4. Non será necesario que concorra o uso habitual do apelido proposto, abondando que se cumpran o segundo e o terceiro requisitos previstos no punto 2, para cambiar ou modificar un apelido contrario á dignidade ou que ocasione graves inconvenientes.

Artigo 55. Autorización do cambio de apelidos en circunstancias excepcionais.

Cando se trate de vítimas de violencia de xénero ou dos seus descendentes que vivan ou vivisen en fogares en que se producise tal situación, así como naqueles supostos en que a urxencia da situación ou as circunstancias excepcionais o requiran, poderá autorizarse o cambio de apelidos por orde do Ministerio de Xustiza, nos termos fixados regulamentariamente.

Artigo 56. *Apelidos con elemento estranxeiro.*

O que adquiere a nacionalidade española conservará os apelidos que teña en forma distinta da legal, sempre que así o declare no acto de adquirila ou dentro dos dous meses seguintes á adquisición ou á maioría de idade, e que os apelidos que se pretenden conservar non resulten contrarios á orde pública internacional.

No caso de cidadáns españois que teñan igualmente a nacionalidade doutro Estado membro da Unión Europea, os cambios de apelidos voluntarios realizados de conformidade coas regras relativas á determinación de apelidos aplicables neste último Estado serán recoñecidos en España, agás cando o devandito cambio sexa contrario á orde pública española, ou ben cando o devandito cambio fose resultado dunha resolución xudicial e esta non fose recoñecida en España.

Artigo 57. *Regras comúns ao cambio de nome e apelidos.*

1. O cambio de apelidos alcanza a todas as persoas suxeitas á patria potestade e tamén os demais descendentes que expresamente o consintan.
2. O cambio de nome e apelidos inscribírase no rexistro individual do interesado. A dita inscrición ten carácter constitutivo.
3. Os cambios sinalados nos parágrafos anteriores poderán ser solicitados polo propio interesado se é maior de dezaseis anos.

CAPÍTULO SEGUNDO**Inscricións relativas ao matrimonio****Artigo 58. *Expediente matrimonial.***

1. A celebración do matrimonio en forma civil corresponde aos alcaldes ou aos concelleiros nos que aqueles deleguen.

2. A celebración do matrimonio requirirá a tramitación dun expediente no que os contraentes acrediten o cumprimento dos requisitos de capacidade e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, de acordo co previsto no Código civil. A tramitación do expediente corresponde ao secretario do concello, o cal poderá solicitar os informes e practicar as dilixencias pertinentes para apreciar a legalidade e veracidade do matrimonio.

A tramitación do expediente mencionado rexeráse polo disposto nesta lei e no regulamento que a desenvolva e, supletoriamente, polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O expediente finalizará cunha resolución do secretario do concello na que se autorice ou denegue a celebración do matrimonio. A denegación deberá ser motivada e expresar, se é o caso, con claridade a falta de capacidade ou o impedimento no que funda a denegación.

4. Contra esta resolución cabe recurso ante o encargado do Rexistro Civil, cuxa resolución se someterá ao réxime de recursos ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado previsto por esta lei.

5. Resolto favorablemente o expediente, o alcalde ou o concelleiro celebrará o matrimonio na forma prevista no Código civil e, a seguir, elaborará a acta coa súa sinatura e mais a dos contraentes e testemuñas e remitiraa, preferentemente por vía telemática, ao Rexistro Civil.

6. No caso de matrimonios celebrados fóra de España, a instrución do expediente e a celebración do matrimonio, de conformidade coas regras establecidas nos puntos anteriores, corresponde ao cónsul encargado da oficina consular do Rexistro Civil.

7. Nos casos de celebración do matrimonio secreto a que se refire o artigo 54 do Código civil, a súa tramitación realizarase de forma reservada e a súa inscrición someterase ao réxime de publicidade restrinxida previsto nos artigos 83 e 84 desta lei.

Artigo 59. *Inscripción do matrimonio.*

1. O matrimonio autorizado e celebrado segundo o procedemento previsto no artigo anterior inscribírase nos rexistros individuais dos contraentes.
2. O matrimonio celebrado ante autoridade estranxeira accederá ao Rexistro Civil español mediante a inscrición da certificación correspondente, sempre que teña eficacia consonte o previsto nesta lei.
3. O matrimonio celebrado en España en forma relixiosa accederá ao Rexistro Civil mediante a inscrición da certificación da Igrexa ou confesión respectiva conforme o previsto no artigo 63 do Código civil.
4. A inscrición fai fe do matrimonio e da data e lugar en que se contrae.

Artigo 60. *Inscripción do réxime económico do matrimonio.*

1. Xunto á inscrición de matrimonio inscribírase o réxime económico matrimonial legal ou pactado que rexa o matrimonio e os pactos, resolucións xudiciais ou demais feitos que poidan afectar a este.
Sen prexuízo do previsto no artigo 1333 do Código civil, en ningún caso o terceiro de boa fe resultará prexudicado senón desde a data da inscrición do réxime económico matrimonial ou das súas modificacións.
2. Inscribíranse as actas polas que se declare a notoriedade do réxime económico matrimonial legal ou pactado.

Artigo 61. *Inscripción da separación, nulidade e divorcio.*

O secretario xudicial do xulgado ou tribunal que ditase a resolución xudicial firme de separación, nulidade ou divorcio deberá remitir por medios electrónicos testemuño dela á oficina do Rexistro Civil, que practicará de forma inmediata a correspondente inscrición. As resolucións xudiciais que resolvan sobre a nulidade, separación e divorcio poderán ser obxecto de anotación ata que adquiren firmeza.

As resolucións sobre disolución de matrimonio canónico, ditadas por autoridade eclesiástica recoñecida, inscribíranse se cumpren os requisitos que prevé o ordenamento xurídico.

CAPÍTULO TERCEIRO

Inscripción da defunción

Artigo 62. *Inscripción da defunción.*

1. A inscrición no Rexistro Civil da defunción é obrigatoria. A inscrición fai fe da morte dunha persoa e da data, hora e lugar en que se produce. Na inscrición debe figurar así mesmo a identidade do falecido.
2. A inscrición da defunción practícase en virtude de declaración documentada no formulario oficial, acompañado do certificado médico da defunción. Na falta de certificado, cando este sexa incompleto ou se, a xuízo do encargado, debe complementarse a documentación acreditativa do falecemento, requírase ditame médico do facultativo.
3. O funcionario competente, unha vez recibida e examinada a documentación, practicará inmediatamente a inscrición e expedirá o certificado da defunción.
O encargado, unha vez practicada a inscrición, expedirá a licenza para o enterro ou a incineración no prazo que regulamentariamente se estableza.
4. A inscrición da defunción pechará o rexistro individual. En ningún caso, o código persoal poderá volver ser asignado.

Artigo 63. Obrigosados a promover a inscrición de falecemento.

Están obrigosados a promover a inscrición de falecemento:

- 1.º A dirección de hospitais, clínicas e establecementos sanitarios onde se produza o falecemento.
- 2.º O persoal médico que certifica o falecemento, cando este tivese lugar fóra do establecemento sanitario.
- 3.º Os parentes do defunto ou persoa que estes autoricen.
- 4.º O director do establecemento, calquera habitante da casa onde se producise o falecemento ou, se é o caso, a autoridade que corresponda.
- 5.º Calquera persoa que teña coñecemento dun falecemento comunicarllo á autoridade competente, que virá obrigada a promover a inscrición da defunción.

Artigo 64. Comunicación da defunción polos centros sanitarios.

A dirección de hospitais, clínicas e establecementos sanitarios comunicarlle á oficina do Rexistro Civil que se asigne cada un dos falecementos que tivesen lugar no seu centro sanitario. A comunicación remitirase por medios electrónicos no prazo que se estableza regulamentariamente mediante o envío do formulario oficial debidamente cuberto, acompañado do certificado médico.

Artigo 65. Inscrición da defunción por declaración dos obrigosados.

Respecto dos falecementos que se producen fóra de establecemento sanitario, os obrigosados a promover a inscrición informarán da defunción coa maior brevidade posible á autoridade pública, que a comunicará inmediatamente á oficina do Rexistro Civil.

Artigo 66. Certificado médico de defunción.

En ningún caso poderá efectuarse a inscrición de defunción sen que se presentase ante o Rexistro Civil o certificado médico de defunción.

Artigo 67. Supostos especiais de inscrición da defunción.

1. Cando o cadáver desaparecese ou se inhumase antes da inscrición, será necesaria resolución xudicial, procedemento rexistral ou orde da autoridade xudicial en que se acredite legalmente o falecemento.
2. Se houber indicios de morte violenta ou en calquera caso en que deban incoarse dilixencias xudiciais, a inscrición da defunción non suporá por si mesma a concesión de licenza de enterramento ou incineración. A devandita licenza expedirase cando a autorice o órgano xudicial competente.

CAPÍTULO CUARTO

Outras inscricións

Artigo 68. Inscrición da nacionalidade e da veciñanza civil.

1. A adquisición da nacionalidade española por residencia, carta de natureza e opción, así como a súa recuperación e as declaracións de vontade relativas á veciñanza, inscribíranse no rexistro individual. Estas inscricións terán carácter constitutivo.

Non poderá inscribirse a nacionalidade española adquirida por calquera das vías que recoñece o ordenamento xurídico se non se efectuou a inscrición previa de nacemento.

A inscrición da perda da nacionalidade terá carácter meramente declarativo.

2. Para efectuar as inscricións relativas á nacionalidade e á veciñanza civil será título suficiente aquel a través do cal se recoñece a nacionalidade española ou a veciñanza civil que corresponda.

Artigo 69. *Presunción de nacionalidade española.*

Sen prexuízo do disposto no Código civil e en tanto non conste a estranxeiría dos pais, presúmense españois os nados en territorio español de pais tamén nados en España.

A mesma presunción rexe para a veciñanza.

Artigo 70. *Emancipación e beneficio da maioridade.*

1. No rexistro individual inscribíranse a emancipación e o beneficio da maioridade.
2. A emancipación por concesión dos que exercen a patria potestade inscríbese en virtude de escritura pública ou por comparecencia ante o encargado.
3. A emancipación por concesión xudicial e o beneficio da maioridade inscríbense en virtude de resolución xudicial.
4. A emancipación tácita ou por vida independente poderá inscribirse mediante a acreditación documental da situación de independencia e o consentimento de quen exerce a patria potestade.

A concesión de emancipación e a emancipación por vida independente, así como o beneficio da maioridade, non producirán efectos fronte a terceiros mentres non se inscriban no Rexistro Civil.

Artigo 71. *Inscripción da patria potestade e as súas modificacións.*

1. Os feitos que afecten as relacións paterno-filiais inscribíranse no rexistro individual da persoa suxeita a patria potestade e no do seu proxenitor ou nos dos seus proxenitores.

Son inscribíbles as resolucións xudiciais que afecten a titularidade, o exercicio e as modificacións da patria potestade. En particular, as que se produzan como consecuencia da nulidade, separación e divorcio dos proxenitores.

2. Tamén se inscribirá a extinción, privación, suspensión, prórroga e rehabilitación da patria potestade.

3. En idénticos termos inscribírase todo o relativo ás figuras similares ou asimilables á patria potestade, que sexan de dereito civil propio das comunidades autónomas.

Artigo 72. *Modificación xudicial da capacidade e declaración do concurso de persoa física.*

1. A declaración xudicial de modificación da capacidade, así como a resolución que a deixe sen efecto ou a modifique, inscribíranse no rexistro individual do afectado.

A inscrición da modificación xudicial da capacidade expresará a extensión e os límites desta, así como se a persoa queda suxeita a tutela ou a curatela segundo a resolución xudicial.

2. Inscribíranse no Rexistro Civil a declaración de concurso, a intervención ou, se é o caso, a suspensión das facultades de administración e disposición, así como o nomeamento dos administradores concursais.

Artigo 73. *Inscripción de tutela, curatela e as súas modificacións.*

1. Inscribíranse no rexistro individual da persoa con capacidade modificada xudicialmente as resolucións xudiciais nas que se nomee titor ou curador.

Así mesmo, terán acceso ao Rexistro Civil as medidas xudiciais sobre garda ou administración e sobre vixilancia ou control dos ditos cargos tutelares.

2. As ditas resolucións só serán opositíbles fronte a terceiros cando se practicasen as oportunas inscricións.

Artigo 74. Inscripción de determinadas representacións legais.

1. Teñen acceso ao rexistro individual a representación do ausente e a designación de administrador polo xuíz no caso previsto no artigo 299 bis do Código civil.
2. Igualmente, poderá ter acceso ao Rexistro Civil calquera representación que se outorgue mediante nomeamento especial e comprenda a administración e garda dun patrimonio.

Artigo 75. Inscripción de tutela automática ou administrativa.

Inscribirase no rexistro individual do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente en situación de desamparo a suxeición á tutela pola entidade pública á que, no respectivo territorio, estea encomendada a protección dos menores ou das persoas con capacidade modificada xudicialmente nos termos previstos pola lexislación que resulte aplicable.

Artigo 76. Inscripción de actos relativos ao patrimonio protexido das persoas con discapacidade.

É inscristible no rexistro individual da persoa con discapacidade o documento público ou a resolución xudicial relativos á constitución e demais circunstancias relativas ao patrimonio protexido e á designación e modificación de administradores do devandito patrimonio.

Artigo 77. Inscripción de autotutela e apoderamentos preventivos.

É inscristible no rexistro individual do interesado o documento público de constitución de autotutela e o apoderamento preventivo previstos na lexislación civil.

Artigo 78. Inscripcións de declaración de ausencia e falecemento.

1. As declaracións xudiciais de ausencia e falecemento inscribíranse no rexistro individual do declarado ausente ou falecido.
2. Na inscrición da declaración de falecemento expresárase a data a partir da cal se entende ocorrida a morte.

CAPÍTULO QUINTO

Inscricións en circunstancias excepcionais

Artigo 79. Inscripcións en circunstancias excepcionais.

Cando por circunstancias excepcionais imputables ao funcionamento do Rexistro Civil non sexa posible practicar a inscrición, será practicada acta de nacemento, matrimonio ou defunción cos requisitos do asentamento correspondente polas autoridades ou polos funcionarios que sinala o regulamento.

A dita acta será título suficiente para proceder á inscrición do feito ou acto a que se refire o parágrafo anterior con independencia do tempo transcorrido desde o feito e sen necesidade de incoar un expediente de inscrición fóra de prazo.

TÍTULO VII

Publicidade do Rexistro Civil

CAPÍTULO PRIMEIRO

Instrumentos de publicidade rexistral

Artigo 80. *Medios de publicidade do Rexistro Civil.*

1. A publicidade dos datos que constan no Rexistro Civil realizarase das seguintes formas:

1.^a Mediante o acceso das administracións e dos funcionarios públicos, no exercicio das súas funcións e baixo a súa responsabilidade, aos datos que consten no Rexistro Civil.

Tamén se poderá ter coñecemento dos datos que constan no Rexistro Civil mediante os procedementos especiais que acorde a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, cando a información deba ser subministrada de forma periódica e automatizada para o cumprimento de fins públicos, ou cando sexa precisa para comprobaren as entidades de certificación reguladas na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, que non se produciu a extinción dos certificados electrónicos polas causas previstas no artigo 8, punto 1, letra e), da devandita lei.

2.^a Mediante certificación.

2. As administracións e os funcionarios públicos no exercicio das súas competencias só poderán exixir aos cidadáns a presentación de certificados do Rexistro Civil cando os datos obxecto do certificado non consten en poder daquelas, ou cando for imposible a súa obtención directamente por medios electrónicos.

3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do réxime de publicidade restrinxida a que se refiren os artigos 83 e 84 desta lei.

4. Con carácter excepcional e con fins de investigación familiar, histórica ou científica, poderase autorizar o acceso á información rexistral nos termos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 81. *Expedición de certificacións.*

1. Son competentes para expedir certificacións dos datos que consten nos asentamentos do Rexistro Civil os encargados das oficinas do Rexistro Civil.

2. As certificacións expediranse por medios electrónicos. Excepcionalmente, tamén se poderán expedir por medios non electrónicos. Por petición do interesado, as certificacións poderán ser bilingües.

3. As certificacións previstas no punto anterior presúmense exactas e constitúen proba plena dos feitos e dos actos inscritos no Rexistro Civil.

4. Cando por circunstancias excepcionais a certificación non for conforme cos datos que consten no Rexistro Civil, haberá que aterse ao que deste resulte, sen prexuízo da responsabilidade que proceda.

Artigo 82. *Clases de certificacións.*

1. As certificacións poderán ser literais ou en extracto. Agás solicitude expresa en sentido contrario, expedirase certificación en extracto. Se non consta ningún asentamento, a certificación será negativa.

2. As certificacións literais comprenderán a totalidade do contido do asentamento ou asentamentos a que se refiran.

3. As certificacións en extracto conterán os datos que se determinen regulamentariamente.

CAPÍTULO SEGUNDO

Datos sometidos a réxime de protección especial

Artigo 83. *Datos con publicidade restrinxida.*

1. Para os efectos desta lei, consideraranse datos especialmente protexidos:
 - a) A filiación adoptiva e a descoñecida.
 - b) Os cambios de apelido autorizados por ser vítima de violencia de xénero ou o seu descendente, así como outros cambios de identidade legalmente autorizados.
 - c) A rectificación do sexo.
 - d) As causas de privación ou suspensión da patria potestade.
 - e) O matrimonio secreto.
2. Estarán sometidos ao mesmo réxime de protección os documentos arquivados por conteren os extremos citados no punto anterior ou que estean incorporados a expedientes que teñan carácter reservado.
3. Os asentamentos que conteñan información relativa aos datos relacionados no punto anterior serán efectuados do modo que regulamentariamente se determine co fin de que, agás o propio inscrito, só se poida acceder a eles coa autorización expresada no artigo seguinte.

Artigo 84. *Acceso aos asentamentos que conteñan datos especialmente protexidos.*

Só o inscrito ou os seus representantes legais poderán acceder ou autorizar a terceiras persoas a publicidade dos asentamentos que conteñan datos especialmente protexidos nos termos que regulamentariamente se establezan.

Se o inscrito faleceu, a autorización para acceder aos datos especialmente protexidos só poderá efectualo o xuíz de primeira instancia do domicilio do solicitante, sempre que xustifique interese lexítimo e razón fundada para pedilo.

No suposto do parágrafo anterior, presúmese que ten interese lexítimo o cónxuxe do falecido, parella de feito, ascendentes e descendentes ata o segundo grao.

TÍTULO VIII

Réxime de recursos

Artigo 85. *Recursos contra as decisións adoptadas polos encargados das oficinas do Rexistro Civil.*

1. Contra as decisións adoptadas polos encargados das oficinas Central, xerais e consulares do Rexistro Civil no ámbito das competencias atribuídas por esta lei, os interesados só poderán interpor recurso ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, no prazo dun mes.
2. No caso de denegación de inscrición de sentenzas e outras resolucións xudiciais estranxeiras cuxa competencia corresponde á Oficina Central do Rexistro Civil, o interesado só poderá instar a procedemento xudicial de exequátur.

Artigo 86. *Presentación do recurso e prazo de resolución.*

1. O recurso dirixirase á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e formularase nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O interesado poderá presentar o recurso en calquera dos lugares previstos para a presentación de escritos e solicitudes facendo uso dos medios que prevé o ordenamento xurídico.

2. A Dirección Xeral resolverá o recurso no prazo de seis meses seguintes á recepción do escrito de interposición.

Transcorrido este prazo sen que a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ditase e notificase resolución expresa, entenderase desestimada a pretensión, e quedará expedita a vía xurisdiccional correspondente.

Artigo 87. *Órgano xurisdiccional competente.*

1. As resolucións e os actos da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderán ser impugnados ante o xulgado de primeira instancia da capital de provincia do domicilio do recorrente, de conformidade co previsto no artigo 781 bis da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Nestes procesos será emprazada a citada dirección xeral a través da súa representación procesual.

2. Quedan exceptuados do número anterior as resolucións e os actos da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado relativos á solicitude de nacionalidade por residencia que en aplicación do artigo 22.5 do Código civil se someten á xurisdición contencioso-administrativa.

3. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá impugnar ante o xulgado de primeira instancia competente as decisións adoptadas polos encargados das oficinas por seren estas contrarias á doutrina establecida polo centro directivo. Nestes procesos serán emprazados os interesados.

TÍTULO IX

Os procedementos rexistrals

CAPÍTULO PRIMEIRO

Regras xerais dos procedementos rexistrals

Artigo 88. *Tramitación dos procedementos rexistrals.*

1. Os procedementos rexistrals serán tramitados e resoltos polo encargado do Rexistro Civil da oficina onde se pretenda efectuar o asentamento. Os procedementos de rectificación de asentamentos serán tramitados polo encargado da oficina que os practicase.

2. A tramitación do procedemento axustarase ás regras previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos termos que regulamentariamente se dispoñan. O silencio administrativo nos procedementos rexistrals será negativo.

Artigo 89. *Lexitimación para promover os procedementos rexistrals.*

Ademais do Ministerio Fiscal, poden promover os procedementos rexistrals os que estean obrigados a promover a inscrición e calquera persoa que teña interese nos asentamentos.

CAPÍTULO SEGUNDO

Rectificación dos asentamentos do Rexistro Civil

Artigo 90. *Rectificación xudicial dos asentamentos.*

Os asentamentos están baixo a salvagarda dos tribunais e a súa rectificación efectuarase en virtude de resolución xudicial firme de conformidade co previsto no artigo 781 bis da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

Artigo 91. *Rectificación dos asentamentos por procedemento rexistral.*

1. Malia o previsto no artigo anterior, poden rectificarse a través dun procedemento rexistral:

- a) As mencións erróneas dos datos que deban constar na inscrición.
- b) Os erros que proceden de documento público ou eclesiástico posteriormente rectificado.
- c) As diverxencias que se aprecien entre a inscrición e os documentos en cuxa virtude se practicase.

2. A mención rexistral relativa ao nome e ao sexo das persoas cando se cumpran os requisitos do artigo 4 da Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral relativa ao sexo das persoas, rectificarse mediante procedemento rexistral. En tales casos, a inscrición terá eficacia constitutiva.

CAPÍTULO TERCEIRO

Declaracións con valor de simple presunción

Artigo 92. *Declaracións con valor de simple presunción.*

1. Logo do procedemento rexistral, pode declararse con valor de simple presunción:
 - a) Que non ocorreu feito determinado que puiden afectar o estado civil.
 - b) A nacionalidade, veciñanza civil ou calquera estado, se non consta no Rexistro Civil.
 - c) O domicilio dos apátridas.
 - d) A existencia dos feitos mentres por forza maior sexa imposible o acceso á información contida no Rexistro Civil.
 - e) O matrimonio cuxa celebración conste e que non poida ser inscrito por non se ter acreditado debidamente os requisitos exixidos para a súa validez polo Código civil.

2. A acreditación das circunstancias referidas no punto anterior efectuarase nos termos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 93. *Carácter, anotación e publicidade das declaracións con valor de simple presunción.*

1. As declaracións con valor de simple presunción teñen a consideración dunha presunción legal *iuris tantum*.
2. A anotación das declaracións é obrigatoria e precisará a data a que estas se refiren.
3. O testemuño, literal ou en extracto, das declaracións expresará sempre o seu valor de simple presunción.

A publicidade das anotacións e das declaracións queda suxeita ás mesmas restricións que esta lei prevé para as inscricións.

TÍTULO X

Normas de dereito internacional privado

Artigo 94. *Primacía do dereito convencional e da Unión Europea.*

As normas deste título aplicaranse sen prexuízo do que dispoñan a normativa da Unión Europea e os tratados e instrumentos internacionais vixentes en España.

Artigo 95. Tradución e legalización.

1. Aos documentos non redactados nunha das linguas oficiais españolas ou escritos en letra antiga ou pouco intelixible deberá achegarse tradución efectuada por órgano ou por funcionario competentes. Non obstante, se ao encargado do Rexistro lle consta o contido do documento, poderá prescindir da tradución.

2. Todo documento expedido por funcionario ou por autoridade estranxeira presentarse coa correspondente legalización. Non obstante, quedan eximidos de legalización os documentos cuxa autenticidade lle conste ao encargado do Rexistro e aqueles que cheguen por vía oficial ou por dilixencia bastante.

3. O encargado que dubide da autenticidade dun documento realizará as comprobacións oportunas no menor tempo posible.

Artigo 96. Resolucións xudiciais estranxeiras.

1. Só procederá a inscrición no Rexistro Civil español das sentenzas e demais resolucións xudiciais estranxeiras que adquirisen firmeza. Tratándose de resolucións de xurisdición voluntaria, estas deberán ser definitivas. No caso de que a resolución careza de firmeza ou de carácter definitivo, unicamente procederá a súa anotación rexistral nos termos previstos no ordinal 5.º do punto 3 do artigo 40 desta lei.

2. Á inscrición das resolucións xudiciais estranxeiras poderase instar:

1.º Logo da superación do trámite do exequátur previsto na Lei de axuízamento civil de 1881. Ata entón só poderán ser obxecto de anotación nos termos previstos no ordinal 5.º do punto 3 do artigo 40 desta lei.

2.º Ante o encargado do Rexistro Civil, que procederá a realizala sempre que verifique:

- a) A regularidade e a autenticidade formal dos documentos presentados.
- b) Que o tribunal de orixe basease a súa competencia xudicial internacional en criterios equivalentes aos previstos na lexislación española.
- c) Que todas as partes foron debidamente notificadas e con tempo suficiente para preparar o procedemento.
- d) Que a inscrición da resolución non resulta manifestamente incompatible coa orde pública española.

O encargado do Rexistro Civil deberá notificar a súa resolución a todos os interesados e afectados por ela. Contra a resolución do encargado do Rexistro Civil os interesados e os afectados poderán solicitar exequátur da resolución xudicial ou ben interpor recurso ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado nos termos previstos nesta lei. En ambos os casos procederase á anotación da resolución nos termos previstos no ordinal 5.º do punto 3 do artigo 40, se así se solicita expresamente.

3. O réxime xurídico previsto neste artigo para as resolucións xudiciais estranxeiras será aplicable ás resolucións pronunciadas por autoridades non xudiciais estranxeiras en materias cuxa competencia corresponda, segundo o dereito español, ao coñecemento de xuíces e tribunais.

Artigo 97. Documento estranxeiro extraxudicial.

Un documento público estranxeiro non xudicial é título para inscribir o feito ou acto de que dá fe sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que o documento fose outorgado por autoridade estranxeira competente conforme a lexislación do seu Estado.

2.º Que a autoridade estranxeira interviñese na confección do documento desenvolvendo funcións equivalentes ás que desempeñan as autoridades españolas na materia de que se trate.

3.º Que o feito ou acto contido no documento sexa válido conforme o ordenamento designado polas normas españolas de dereito internacional privado.

4.º Que a inscrición do documento estranxeiro non resulte manifestamente incompatible coa orde pública española.

Artigo 98. Certificación de asentamentos practicados en rexistros estranxeiros.

1. A certificación de asentamentos practicados en rexistros estranxeiros é título para a inscrición no Rexistro Civil español sempre que se verifiquen os seguintes requisitos:

a) Que a certificación foi expedida por autoridade estranxeira competente conforme a lexislación do seu Estado.

b) Que o Rexistro estranxeiro de procedencia teña, en canto aos feitos de que dá fe, análogas garantías ás exigidas para a inscrición pola lei española.

c) Que o feito ou acto contido na certificación rexistral estranxeira sexa válido conforme o ordenamento designado polas normas españolas de dereito internacional privado.

d) Que a inscrición da certificación rexistral estranxeira non resulta manifestamente incompatible coa orde pública española.

2. No caso de que a certificación constitúa mero reflexo rexistral dunha resolución xudicial previa, será esta o título que teña acceso ao Rexistro. Con tal fin, deberá recoñecerse a resolución xudicial de acordo con algún dos procedementos previstos no artigo 96 desta lei.

3. Completaranse polos medios legais ou convencionais oportunos os datos e as circunstancias que non poidan obterse directamente da certificación estranxeira, por non contelos ou por defectos formais que afecten a autenticidade ou a realidade dos feitos que incorporan.

Artigo 99. Declaración de coñecemento ou vontade.

1. Os feitos e actos que afecten o estado civil das persoas e cuxo acceso ao Rexistro Civil se realice mediante declaración de coñecemento ou vontade deberán axustarse ao seu correspondente ordenamento aplicable, determinado conforme as normas españolas de dereito internacional privado.

2. Sen prexuízo do contido no número anterior, o acceso ao Rexistro de feitos e actos relativos ao estado das persoas a través de declaración de coñecemento ou vontade levarase a cabo nos casos, formas, procedementos e modalidades establecidos nesta lei.

Artigo 100. Acreditación do contido e vixencia da lei aplicable aos feitos e actos relativos ao estado civil.

1. O contido e a vixencia do dereito estranxeiro en relación coa adecuación a este dun feito ou acto, a observancia das formas e solemnidades estranxeiras e a aptitude e a capacidade legal necesarias para o acto poderanse acreditar, entre outros medios, mediante a aseveración ou o informe dun notario ou cónsul español, ou dun diplomático, cónsul ou autoridade competente do país cuxa lexislación resulte aplicable.

O encargado do Rexistro poderá prescindir dos ditos medios cando coñeza suficientemente a lexislación estranxeira de que se trate.

2. A falta de acreditación do contido e vixencia do ordenamento estranxeiro suporá a denegación da inscrición.

Disposición adicional primeira. Localización e dotación das oficinas xerais do Rexistro Civil.

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia fixarán, nos seus respectivos ámbitos territoriais, a localización das oficinas

xerais do Rexistro Civil e determinarán, mediante as relacións de postos de traballo, as dotacións de persoal necesario.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico dos encargados da Oficina Central do Rexistro Civil e das oficinas xerais do Rexistro Civil.*

1. Na forma e cos requisitos que regulamentariamente se determinen, as prazas de encargados do Rexistro Civil proveranse entre funcionarios de carreira do subgrupo A1 que teñan a licenciatura en Dereito ou a titulación universitaria que a substitúa e entre secretarios xudiciais. A convocatoria e a resolución dos concursos para prover as prazas de encargado das oficinas xerais do Rexistro Civil corresponderán, nos seus respectivos ámbitos territoriais, ao Ministerio de Xustiza e ás comunidades autónomas con competencias executivas na materia.

O encargado do Rexistro Civil recibirá a formación específica que determine o Ministerio de Xustiza.

2. O réxime xurídico aplicable aos encargados do Rexistro Civil será en todo caso o previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, e nas súas normas de desenvolvemento.

O incumprimento ou a inobservancia das instrucións, resolucións e circulares da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado considerárase falta moi grave de conformidade co previsto na letra i) do punto 2 do artigo 95 do devandito estatuto.

O réxime de substitución dos encargados regularase regulamentariamente.

Corresponderá ao Ministerio de Xustiza e ás comunidades autónomas con competencias executivas na materia, nos seus respectivos ámbitos territoriais, o nomeamento dos encargados das oficinas xerais do Rexistro Civil interinos e substitutos.

Disposición adicional terceira. *Expedientes de nacionalidade por residencia.*

As solicitudes de adquisición de nacionalidade española por residencia serán iniciadas e tramitadas polos órganos da Administración xeral do Estado que determine o Goberno mediante real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Constancia no Rexistro Civil dos falecementos con posterioridade aos seis meses de xestación.*

Figurarán nun arquivo do Rexistro Civil, sen efectos xurídicos, os falecementos que se produzan con posterioridade aos seis meses de xestación e non cumpran as condicións previstas no artigo 30 do Código civil, podendo os proxenitores outorgar un nome.

Este arquivo quedará sometido ao réxime de publicidade restrinxida.

Disposición adicional quinta. *Presentación de solicitude e documentación ante os xulgados de paz.*

Os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil nos xulgados de paz.

Disposición adicional sexta. *Uniformidade dos sistemas e aplicacións informáticas nas oficinas do Rexistro Civil.*

Todas as oficinas do Rexistro Civil utilizarán os mesmos sistemas e aplicacións informáticas. O Ministerio de Xustiza proverá, tanto no seu desenvolvemento como na súa explotación, o conxunto de aplicacións que soportan a actividade dos procesos operativos que se tramitan no Rexistro Civil.

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia establecerán os mecanismos de coordinación necesarios para proporcionar os servizos de acceso aos sistemas do Rexistro Civil, soporte microinformático, formación e atención a usuarios.

Disposición adicional sétima. *Posta á disposición dos datos de identificación persoal de nacionais e estranxeiros.*

Para a adecuada elaboración do código persoal a que fai mención o artigo 6 desta lei, así como para o seu uso nas aplicacións informáticas en que sexa preciso, o Ministerio do Interior porá á disposición do Ministerio de Xustiza as respectivas secuencias alfanuméricas que atribúa o sistema informático vixente para o documento nacional de identidade e o número de identificación de estranxeiros, así como os demais datos persoais identificativos que consten nas bases de datos de ambos os documentos.

De igual xeito, o Ministerio de Xustiza porá á disposición do Ministerio do Interior os datos persoais identificativos inscritos no Rexistro Civil que deban constar no documento nacional de identidade ou no número de identificación de estranxeiros.

Disposición adicional oitava. *Inscripción de defunción de desaparecidos durante a Guerra Civil e a ditadura.*

O expediente rexistral, resolto favorablemente, será título suficiente para practicar a inscrición da defunción das persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a represión política inmediatamente posterior, sempre que, das probas achegadas, poida inferirse razoablemente o seu falecemento, aínda que non sexan inmediatas a este. Na valoración das probas consideraranse especialmente o tempo transcorrido, as circunstancias de perigo e a existencia de indicios de persecución ou violencia.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en tramitación á entrada en vigor desta lei.*

Aos procedementos e expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei seralles aplicable a Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, e as disposicións ditas no seu desenvolvemento.

Disposición transitoria segunda. *Rexistros individuais.*

O Goberno adoptará as disposicións normativas necesarias para a incorporación dos datos dixitalizados desde 1950 que constan na base de datos do Rexistro Civil a rexistros individuais.

Disposición transitoria terceira. *Libros de familia.*

A partir da data de entrada en vigor desta lei non se expedirán máis libros de familia.

Os libros de familia expedidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei seguirán tendo os efectos previstos nos artigos 8 e 75 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957 e neles seguiranse efectuando os asentamentos previstos nos artigos 36 a 40 do Regulamento da Lei do Rexistro Civil aprobado por Decreto do 14 de novembro de 1958.

Disposición transitoria cuarta. *Extensión e práctica de asentamentos.*

Os encargados das oficinas do Rexistro Civil practicarán nos libros e nas seccións correspondentes os asentamentos relativos a nacementos, matrimonios, defuncións, tutelas e representacións legais, sempre que os libros referidos non estean dixitalizados.

Disposición transitoria quinta. *Publicidade formal do Rexistro Civil non dixitalizado.*

1. A publicidade formal dos datos incorporados a libros non dixitalizados continuará rexéndose polo previsto na Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957.

2. Non será aplicable nestes casos o previsto no artigo 37 desta lei respecto do uso das linguas cooficiais.

Disposición transitoria sexta. *Valor histórico dos libros e documentos que constan nos arquivos do Rexistro Civil.*

Os libros e documentos que na data da entrada en vigor desta lei consten nos arquivos do Rexistro Civil consideraranse patrimonio documental con valor histórico nos termos previstos pola Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e por conseguinte non poderán ser destruídos.

Disposición transitoria sétima. *Oficinas consulares de Rexistro Civil.*

O disposto nesta lei aplicárase ás oficinas consulares de Rexistro Civil atendendo aos medios e aos sistemas informáticos, ás canles electrónicas e ás condicións de funcionamento dispoñibles.

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio do persoal ao servizo da Administración de xustiza destinado no Rexistro Civil.*

Ata tanto se provexan os postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil de acordo coas relacións de postos de traballo que aprobe cada administración competente, o persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea prestando servizos con destino definitivo nos rexistros civís únicos, alá onde os houber, ou teña asignadas funcións de rexistro nas oficinas xudiciais con funcións de Rexistro Civil, poderá continuar desenvolvendo as súas funcións respectivas e percibindo a totalidade das súas retribucións.

O persoal a que se refire o parágrafo anterior poderá optar a participar na convocatoria de provisión de postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil, na cal terá dereito preferente por unha soa vez, dentro do ámbito territorial do órgano convocante, a obter destino definitivo. Mentres permanezan nestas oficinas do Rexistro Civil, estarán na situación de servizo activo segundo o previsto no artigo 507 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e no artigo 88.3 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, e percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu corpo e as complementarias asignadas na relación de postos de traballo.

Os funcionarios que non obteñan destino nas oficinas xerais do Rexistro Civil serán destinados mediante un proceso de reordenación de efectivos ás vacantes dos órganos xudiciais ou, de ser o caso, fiscais, dentro da mesma localidade. No caso de non haber suficientes prazas vacantes, procederase á modificación dos cadros de persoal ou, se é o caso, das relacións de postos de traballo.

Ao persoal que obteña destino definitivo nas convocatorias de provisión dos postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil aplicaráse o réxime estatutario da administración pública na que preste servizos.

Disposición transitoria novena. *Aplicación da disposición adicional cuarta.*

O disposto na disposición adicional cuarta resultará aplicable a todas aquelas defuncións acaecidas con anterioridade á súa entrada en vigor, sempre que así o soliciten os proxenitores no prazo de dous anos desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria décima. *Réxime transitorio dos rexistros civís exclusivos e dos encargados do Rexistro Civil Central.*

Mediante real decreto, logo do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e da audiencia das comunidades autónomas afectadas, os actuais rexistros civís exclusivos transformaranse en xulgados de primeira instancia dentro da mesma sede. Os encargados destes rexistros civís exclusivos e os secretarios xudiciais destinados neles pasarán a ocupar, respectivamente, as prazas de magistrado e secretario xudicial dos ditos xulgados de primeira instancia.

Tamén mediante real decreto, logo do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, as prazas dos actuais encargados do Rexistro Civil Central suprimíranse, e creáranse, no mesmo número de prazas suprimidas, prazas de maxistrado da Audiencia Provincial de Madrid. Os encargados quedarán adscritos á disposición do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid. Mentres permanezan nesta situación prestarán os seus servizos nos postos que determine a Sala de Goberno e serán destinados á primeira vacante que se produza na Audiencia Provincial de Madrid. Os secretarios xudiciais destinados actualmente no Rexistro Civil Central quedarán provisionalmente adscritos á disposición do secretario de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid nos termos establecidos no Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, sendo destinados á primeira vacante que se produza na Audiencia Provincial de Madrid.

Disposición derogatoria. *Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, Lei 38/1998, do 28 de decembro, de planta e demarcación xudicial, e Código civil.*

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ao previsto nesta lei e, en particular, as seguintes:

- 1.^a Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, agás no disposto nas disposicións transitorias terceira, cuarta e quinta desta lei.
- 2.^a Os números 1 e 2 do artigo 27 da Lei 38/1998, do 28 de decembro, de planta e demarcación xudicial.
- 3.^a Os artigos 325 a 332 do Código civil.

Disposición derradeira primeira. *Dereito supletorio.*

En todo o non previsto en relación coa tramitación administrativa dos expedientes regulados nesta lei aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira segunda. *Referencias aos encargados do Rexistro Civil e aos alcaldes.*

1. As referencias que se atopen en calquera norma referidas a xuíces ou maxistrados encargados do Rexistro Civil entenderanse feitas ao encargado do Rexistro Civil, de conformidade co previsto nesta lei.
2. As referencias que se atopen en calquera norma ao xuíz, alcalde ou funcionario que faga as súas veces competentes para autorizar o matrimonio deben entenderse referidas ao alcalde ou ao concelleiro en quen este delegue.

Disposición derradeira terceira. *Reforma do Código civil.*

Modifícase o artigo 30 do Código civil, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 30.

A personalidade adquirese no momento do nacemento con vida, unha vez producido o enteiro desprendemento do seo materno.»

Disposición derradeira cuarta. *Reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

Engádesse un novo parágrafo 17.º ao punto 1 do artigo 52, modifícase a rúbrica do capítulo V do título I do libro IV e engádesse un novo artigo 781 bis á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo parágrafo 17.º ao punto 1 do artigo 52 coa seguinte redacción:

«17.º Nos procesos contra as resolucións e actos que dite a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de Rexistro Civil, coa excepción das solicitudes de nacionalidade por residencia, será competente o xulgado de primeira instancia da capital de provincia do domicilio do recorrente.»

Dous. Modifícase a rúbrica do capítulo V do título I do libro IV, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Da oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores, do procedemento para determinar a necesidade de asentimento na adopción e da oposición a determinadas resolucións e actos da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de Rexistro Civil.»

Tres. Engádesse un novo artigo 781 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 78. *bis*. Oposición ás resolucións e actos da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de Rexistro Civil.

1. A oposición ás resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de Rexistro Civil, coa excepción das ditadas en materia de nacionalidade por residencia, poderá formularse no prazo de dous meses desde a súa notificación, sen que sexa necesaria a formulación de reclamación administrativa previa.

2. Quen pretenda oporse ás resolucións presentará un escrito inicial no que sucintamente expresará a súa pretensión e a resolución a que se opón.

3. O secretario xudicial reclamará á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado un testemuño completo do expediente, que deberá ser achegado no prazo de vinte días.

4. Recibido o testemuño do expediente administrativo, o secretario xudicial emprazará o demandante por vinte días para que presente a demanda, que se tramitará consonte o previsto no artigo 753.»

Disposición derradeira quinta. *Taxas municipais.*

Engádesse un punto 5 ao artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, coa seguinte redacción:

«5. Os concellos poderán establecer unha taxa pola instrución e tramitación dos expedientes matrimoniais en forma civil e pola celebración deles.»

Disposición derradeira sexta. *Adquisición da nacionalidade española polos netos de exiliados durante a Guerra Civil e a ditadura.*

O dereito de opción previsto na disposición adicional sétima da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura, poderán tamén exercelo os netos das exiliadas españolas que conservaron a nacionalidade española tras contraer matrimonio cun estranxeiro con posterioridade ao 5 de agosto de 1954, data de entrada en vigor da Lei do 15 xullo de 1954, sempre que non transmitisen a nacionalidade española aos seus fillos, por seguiren estes a do pai, e formalicen a súa declaración en tal sentido no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta disposición.

Disposición derradeira sétima. *Competencias executivas das comunidades autónomas en materia de Rexistro Civil.*

Corresponderalles ás comunidades autónomas o exercicio das competencias executivas en materia de Rexistro Civil de acordo cos seus estatutos de autonomía e coas leis.

Disposición derradeira oitava. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución española, con excepción da disposición derradeira cuarta, que o fai con base no artigo 149.1.6.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva para ditar a lexislación procesual.

Disposición derradeira novena. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres anos da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto as disposicións adicionais sétima e oitava e as disposicións derradeiras terceira e sexta, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Ata a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Xustiza adoptará as medidas e os cambios normativos necesarios que afecten a organización e o funcionamento dos rexistros civís dentro do proceso de modernización da xustiza.

Polo tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO